

ACTA N 2020/15
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA
18.06.2020

ÍNDICE DE PUNTOS

A) APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES :.....	2
PUNTO PRIMEIRO. ACTAS ANTERIORES.....	2
B) EXPEDIENTES URBANÍSTICOS :.....	2
PUNTO SEGUNDO. LICENZA DE OBRA.....	2
PUNTO TERCEIRO. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.....	4
C) EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN :.....	6
PUNTO CUARTO. CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN ACCESOS A SURA (AMEIXENDA).....	6
LOTE 2 DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) DE VARIAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN INCLUÍDAS NO POS ADICIONAL 1/2019 3 LOTES.....	6
D) OUTROS EXPEDIENTES.....	9
PUNTO QUINTO. APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS PARA ENTRADA A ESPECTÁCULOS, OBRAS DE TEATRO, ACTUACIÓN MUSICAIS E SIMILARES, ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE AMES NOS AUDITORIOS DAS CASAS DA CULTURA DE BERTAMIRÁNS E DO MILLADOIRO.....	9

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 18 DE XUÑO DE 2020.

Sendo as once horas e trinta minutos (11:30 h) do día dezoito (18) de xuño de dous mil vinte (2020), reúnese a Xunta de Goberno local deste Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde, José M. Miñones Conde e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde José Blas García Piñeiro, Genma Otero Uhía, Luísa Feijóo Montero, Ana Belén Paz García e Natividad González Rodríguez.

Non asiste pero xustifica/n a súa ausencia o concelleiro David Santomil Mosquera,

Asiste a tesoureira, Olga Castro Fernández e o interventor accidental, Emilio Moreira Garrido.

Actúa de secretaria a titular da corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

A) APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES :

PUNTO PRIMEIRO. ACTAS ANTERIORES.

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular ás actas das sesións anteriores, **ordinaria do 11.06.2020, primeira extraordinaria do 13.06.2020, e segunda extraordinaria do 13.06.2020 de sorteo para eleccións autonómicas**, que foron distribuídas con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986 de 28 de novembro (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobadas as actas, por unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

B) EXPEDIENTES URBANÍSTICOS :

PUNTO SEGUNDO. LICENZA DE OBRA.

Expediente: 2020/U022/0000

Dase conta da solicitude achegada por **Francisco Javier Curros Neira, NIF núm. 33289069**, na representación de **Ramón Fernández Vidal, NIF 33294929** de **licenza de obras** para a construción dunha **piscina unifamiliar** de uso e titularidade privada de 8,5 x 3,5 mts na parcela coa referencia catastral **15220 AMES (A Coruña)**, finca rexistral **15220 AMES (A Coruña)** de Ames, sita na rúa do Carballo núm. 29, **Urbanización Agro do Muíño, Parroquia de Ortoño (San Xoán), Ames (A Coruña)**.

Figura proxecto de piscina privada, visado 18.05.2020, asinado por **Miguel Vazquez de la Haza**, arquitecto (colexiado 2832).

Figuran ademais achegas posteriores de documentación complementaria da solicitude.

Consideracións legais:

I. Suxeición a previa licenza municipal: artigo 142.2 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, LSG, artigo 351.1 a) Decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, RLSG, e arts. 2.1.1 e 8.1.1 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, PXOM.

Art. 1.4.11 PXOM, entre os proxectos de outras actuacións urbanísticas estables atópase a

construción de piscinas.

Cómpre apuntar que, no non previsto no PXOM, resulta de aplicación o Plan Básico autonómico aprobado por Decreto 83/2018, do 26 de xullo, no que, entre outros extremos, establece que as instalacións como piscinas non se consideran a efectos da ocupación

Normativa sectorial: de conformidade co disposto no art. 3.4 do Decreto 119/2019, do 19 de setembro, polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia, as piscinas de uso privado tipo 3 B (unifamiliares) deberán cumprir o disposto no artigo 17 do devandito Decreto.

Datos da licenza que se outorga:

-Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano Consolidado. (desenvolvemento ata o remate do sector S-05 "As Cortes-Condomiña) P3.04 do AR3 do plan parcial do sector S-05 "As Cortes-Condomiña

-Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: piscina unifamiliar de uso e titularidade privada.

-Descrición das obras:Piscina de uso privativo e instalación de paneis solares sobre cuberta

-Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: construción baixo rasante. Instalación que non se considera a efectos de ocupación.

-Sup. Construída :37,58m² (piscina e inst. soterradas), 23,85m² (pavimento perimetral)

-Contía na que se orzan as obras: ██████████ €.

-Situación e emprazamento das obras: ██████████ Parroquia de Ortoño (San Xoán). Referencia Catastral ██████████.

-Nome ou razón social dos promotores: ██████████.

-Técnico autor do proxecto e director de obra: ██████████ (COAG 2832).

Figuran taxas abonadas en aplicación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas, por importe de 193,71 euros segundo se detalla:

Construción de piscina

Instalación de tanques, depósitos de almacenamento de auga, piscinas, etc., así como outros depósitos de almacenamento de gas, petróleos, gasóleos e similares	64,57 €
Expedición e subministro do cartel de obra	129,14 €
TOTAL TAXAS	193,71 €
TAXAS ABOADAS (18/05/2020)	193,71 €

Figuran no expediente informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de urbanismo.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da licenza solicitada, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Conceder, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, licenza de obra a ██████████, para construción de **piscina unifamiliar de uso e titularidade privada** de 8,5 x 3,5 mts., e instalacións complementarias (equipo de depuración e paneis solares na cuberta da vivenda) na parcela coa referencia catastral ██████████, finca rexistral ██████████ de Ames, sita na ██████████, Parroquia de Ortoño (San Xoán) segundo o proxecto redactado polo arquitecto ██████████ (colexiado 2832). visado 18.05.2020.

Segundo. A eficacia da licenza concedida quedará supeditada ao cumprimento das condicións seguinte condicións:

As sinaladas no informe da arquitecta municipal:

- Aportarán oficio da dirección facultativa antes do inicio das obras.
- Xustificarán cumprimento d0 DB-SU para a piscina.
- Disporán os paneis solares na procura do mínimo impacto visual e ambiental, documentarán a estabilidade na execución destes elementos.
- Conectarán co alcantarillado na arqueta de saneamento de fecais privativa previa á acometida pública.
- No seu caso, o propietario está obrigado a nomear e comunicar ao Concello un novo director da obra.
- Disporase, a pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública. Escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública. O entullo levarase a vertedoiro autorizado, de acordo coa normativa.
- Ao remate das obras o propietario poñerá en coñecemento do Concello co certificado final de obra visado e asinado polos técnicos directores da obra. Non se concederá alta definitiva nos servizos municipais mentres non se teña obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.
- Colocarase o cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior.

As sinaladas pola asesora xurídica de urbanismo:

- Os condutores de camións e os responsables das obras deberán coidar de que as rodas dos mesmos estean limpas de barro antes de acceder a vía pública, así como que a citada vía quede limpa.
- Instarase no Catastro Inmobiliario o procedemento de incorporación que corresponda pola modificación do inmovible derivada da actuación para a que se concede a licenza de obra 2020/U022/0000 [REDACTED].

Terceiro. A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de (6) seis meses e o de terminación de (3) tres anos dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a (6) seis meses.

Cuarto. Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que ascende á cantidade de [REDACTED] de acordo co seguinte detalle:

Orzamento EM segundo o proxecto: [REDACTED] €

Liquidación provisoria (2,5%): [REDACTED] €.

Quinto. Notificar o presente acordo aos interesados con indicación do réxime de recursos que proceda.

Sexto. Dar traslado aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Sétimo. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO TERCEIRO. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

Expediente : 2019/U007/0000 [REDACTED]

Dáse conta da solicitude achegada por **D. Dniol Tobio Salgado co NIF 53506524 [REDACTED]**, de licenza de **primeira ocupación** dunha **vivenda unifamiliar** construída na parcela coa referencia catastral número **[REDACTED]**, situada no **[REDACTED]**, Parroquia de Ames (Santo Tomé), Ames.

A licenza de obras foi concedida ao devandito interesado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data do **[REDACTED]** xaneiro do 2017 (expediente 2016/U022/0000 [REDACTED]).

Figura no expediente certificado final de obra, de 20.03.2019, asinado polos técnicos directores

das obras e visado polos colexios correspondentes.

Constan no expediente achegas de documentación complementaria da solicitude.

Figura no expediente acreditación do cumprimento da obriga dos propietarios de solo de núcleo rural da cesión de balde ao Concello de terreos para a regularización do viario, en aplicación do artigo 24 Lei do Solo de Galicia, o cal cumpriuse mediante a formalización na escritura pública outorgada por [REDACTED] o 14 de xuño de 2019 ante o notario Marcelino Estévez Fernández (número de protocolo [REDACTED]), e posterior aceptación da cesión por resolución da Alcaldía do 03.07.2019 (Decreto [REDACTED]/2019).

Non consta cumprimento por parte os titulares dos dereitos de propiedade da obriga de formalizar a incorporación dos bens inmobles no Catastro Inmobiliario así como das alteracións das súas características (artigo 13 do TRLCI) , transcorrido o prazo de dous meses desde a certificación final de obra. Dita omisión que pode ser constitutiva dunha infracción da normativa catastral, polo que procedería dar traslado á Xerencia Territorial de Catastro aos efectos oportunos.

Figuran aboadas taxas polo importe de 96,85 euros, en aplicación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas: por ocupación de vivendas unifamiliares de 201 m2 a 400 m2 de superficie construída, neste caso 265,96 m2.

Datos para traslado aos servizos de tesourería e recadación:

- Axentes da edificación:

Promotor: [REDACTED]

Construtor: Buján Servicios Integrales de construcción S.L

Director de obra: Esteban Canabal Antelo (arquitecto)

Director de execución: Antonio Jorge González (arquitecto técnico)

- Tributos:

a) Taxa por expedición de licenza urbanística:

Licenza de obra: superficie 265,96 m2: 200 m2 x 0,33 €/m2= 66 € + 65,96 m2 x 1,61 €/m2 = 106,20 € + 129,14 € cartel de obra. Total taxas 301,34 €

b) ICIO:

Liquidación provisional: [REDACTED] € (OEM proxecto: [REDACTED] €)

Liquidación final de unidades de obra executada: [REDACTED] €.

Figuran informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de Urbanismo.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da licenza solicitada, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Conceder a [REDACTED], licenza de **primeira ocupación** dunha **vivenda unifamiliar** construída na parcela coa referencia catastral número [REDACTED], situada no [REDACTED], Parroquia de Ames (Santo Tomé), Ames, obra executada ao abeiro do proxecto para o que se concedeu licenza, segundo certifican o arquitecto Esteban Canabal Antelo (colexiado número 4034) e o arquitecto técnico Antonio Jorge González (colexiado 2540).

A licenza de obras foi concedida ao devandito interesado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data do [REDACTED] do 2017 (expediente 2016/U022/0000[REDACTED]).

Segundo. Dar traslado aos servizos de Tesouraría e Recadación aos efectos de eventuais actuacións de inspección ou comprobación co fin de practicar liquidación definitiva (art. 103.1 TRHL).

Terceiro. Dar traslado á empresa concesionaria dos servizos de auga e saneamento aos

efectos das posibles altas nos censos tributarios que correspondan.

Cuarto. Dar traslado á Xerencia Territorial de Catastro de que non consta cumprimento neste expediente da obriga de formalizar a incorporación dos bens inmobles no Catastro Inmobiliario así como das alteracións das súas características (artigo 13 do TRLCI), transcorrido o prazo de dous meses desde a certificación final de obra, dato que dita omisión pode ser constitutiva dunha infracción da normativa catastral.

Quinto. Notificar aos interesados no procedemento coa indicación do réxime de recursos que proceda ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa.

Sexto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

C) EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN :

PUNTO CUARTO. CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN ACCESOS A SURA (AMEIXENDA).

LOTE 2 DO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) DE VARIAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN INCLUÍDAS NO POS ADICIONAL 1/2019 3 LOTES

LOTE 2. PAVIMENTACIÓN ACCESOS A SURA (AMEIXENDA).

Expediente: 2019/C003/000024

Con data 30.01.2020, a Xunta de Goberno local do Concello de Ames, aprobou o expediente de licitación, mediante procedemento aberto simplificado, factor prezo, tramitación ordinaria, dos contratos de obras de pavimentación incluídas no POS Adicional 1/2019, convocando a súa licitación, nos 3 lotes seguintes:

Lote 1. Pavimentación camiño Tarrío Raíces.

Lote 2. Pavimentación acceso a Sura.

Lote 3. Pavimentación viais núcleo Raíces.

Tramitado o procedemento para o Lote 2. Pavimentación acceso a Sura, a Mesa de contratación, na súa reunión do 14.04.2020, antes as elevadas porcentaxes de baixa presentadas por algúns dos licitadores (en concreto **Francisco Gómez y Cía e Construcciones Ponciano Nieto SL**) acordou solicitarlle documentación ás ditas empresas para que xustificaran a súa oferta económica, e unha vez recibida a mesma solicitar informe técnico de valoración.

As empresas presentaron documentación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público.

A técnica municipal, [REDACTED] emite informe desfavorable con data 08.06.2020 informando que as empresas non xustifican axeitadamente a súa baixa temeraria

A Mesa de contratación, reunida o 09.06.2020, á vista do informe emitido pola técnica municipal acordou propoñer ao órgano de contratación a exclusión do procedemento de licitación da obra de pavimentación acceso a Sura das empresas Francisco Gómez y Cía e Construcciones Ponciano Nieto SL por non xustificar debidamente a súa oferta económica, que estaba considerada como anormalmente baixa, formulando proposta de clasificación de ofertas por orde decrecente de puntuación, para as restantes licitadoras.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Excluir do procedemento de licitación da obra de Pavimentación accesos a Sura

(Ameixenda), lote 2 das obras de pavimentación incluídas no POS Adicional 1/2019, ás empresas Francisco Gómez y Cía, e Construcciones Ponciano Nieto SL, por non xustificar a súa oferta económica, que estaba considerada como anormalmente baixa.

Segundo. Clasificar, por orde decrecente de puntuación, ás restantes empresas participantes na licitación declaradas admitidas no procedemento de licitación das obras de Pavimentación accesos a Sura (Ameixenda), lote 2 das obras de pavimentación incluídas no POS Adicional 1/2019, coa seguinte orde:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA IVE INCLÚIDO	PUNTOS
OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	63.220,00	95,95
ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	63.929,88	94,35
CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	64.001,14	94,19
SONDEOS PORZUNA SL	64.264,83	93,59
MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL	64.977,00	91,98
ANTONIO FILLOY SA	65.582,00	90,62
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	65.643,71	90,48
ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	68.448,94	84,15
GALSUR PROYECTOS Y OBRAS SLU	69.002,72	82,90
VIAS Y SERVICIOS COMPOSTELA	69.020,30	82,86
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL	69.964,09	80,73
NEMESIO ORDÓÑEZ SA	69.978,44	80,69
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SL	71.639,77	76,94
OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	71.797,99	76,59
EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑAS SL	71.859,53	76,45
SYR-AMG SL	72.984,57	73,91
TARRIO Y SUÁREZ SL	76.702,90	59,45
BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL	84.341,55	18,90

Terceiro. Declarar que as características esenciais da referida contratación para o clasificado en primeiro lugar, **Obras y Viales de Galicia SL (OVIGA SL)** con CIF B-15608193 son as que figuran na proposición formulada pola empresa e ás que figuran nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e nos Pregos de Prescricións Técnicas.

Cuarto. Prezo:

A.- O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de cincuenta e dos mil douscentos corenta e sete euros e noventa e tres céntimos **(52.247,93 €)**

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende á contía de dez mil novecentos setenta e dous euros e sete céntimos **(10.972,07 €)**.

Quinto. Duración do contrato

A duración inicial do contrato será de **6 Meses**, a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comenzo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

Sexto. Resto de condicións. O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Sétimo. Notificar o presente acordo aos licitadores.

Oitavo. No prazo de **sete días hábiles**, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presentará, por medios electrónicos e con sinatura electrónica, o clasificado en primeiro lugar, a seguinte documentación:

a) Índice de documentos presentados

b) Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.

c) Xustificación da Solvencia Económica e Financeira

Debera acreditar a solvencia económica mediante os requisitos específicos de solvencia económica e financeira que se indican no PCAP.

d) Solvencia Técnica.

Deberá acreditar a solvencia técnica mediante os requisitos específicos de solvencia técnica que se indican no PCAP.

e) Garantía.

Documento acreditativo de ter constituída en calquera das formas establecidas no **artigo 108 da LCSP** unha **garantía definitiva por un importe de 2.612,40 €** segundo se especifica nos pregos que rexeron para a licitación correspondentes ao 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

Documento xustificativo, de ser o caso, de reembolso ao concello do importe dos anuncios de licitación. O adxudicatario deberá aboar ao concello en concepto de reembolso dos gastos de publicacións dos anuncios de licitación de acordo co estipulado no artigo 75 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público.

f) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometera a dedicar ou adscribir á execución do contrato segundo o establecido no PCAP.

A acreditación poderá realizarse:

Medios persoais:

-Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras

-Numero de traballadores que especifique se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou os TC

Medios materiais:

Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.

- De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberan describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.

- Asi mesmo poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.

- No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a

titularidade ou dispoñibilidade destes medios materiais para a obra obxecto do presente contrato.

Non será necesario acreditar a efectiva disposición dos medios persoais e materiais establecidos no anexo V no caso de que o contratista proposto como adxudicatario dispoña da clasificación establecida no apartado 8 do anexo I do presente prego.

De non presentarse a citada documentación no prazo conferido non se poderá proceder a adxudicación do contrato ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Noveno. Facultar ao alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

D) OUTROS EXPEDIENTES

PUNTO QUINTO. APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS PARA ENTRADA A ESPECTÁCULOS, OBRAS DE TEATRO, ACTUACIÓNS MUSICAIS E SIMILARES, ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE AMES NOS AUDITORIOS DAS CASAS DA CULTURA DE BERTAMIRÁNS E DO MILLADOIRO.

Expediente 2020/X999/000190

O Concello de Ames, ao través da Concellaría de Cultura desenvolve, dentro da programación cultural, diversos espectáculos de índole musical, teatral, danza, maxia, e outras disciplinas artísticas. Estes espectáculos están incluídos ou subvencionados pola Rede Cultural da Deputación e pola Rede Galega de Teatros e auditorios, ou son programados directamente polo propia Concellaría.

Coa finalidade de facilitar a asistencia aos espectáculos e potenciar a participación establécense prezos reducidos e descontos, que pretenden estenderse ou ampliarse a diferentes colectivos, atendendo a circunstancias especiais, redundando así na fidelización do público, así como facilitar e xeneralizar entre a poboación o acceso a espectáculos, obras de teatro, actuacións musicais e similares, organizados polo Concello de Ames nos auditorios das Casas da Cultura de Bertamiráns e do Milladoiro.

Figura informe-proposta, da Concellaría delegada de Cultura e Tecnoloxías de Información, asinado pola técnico de Animación Sociocultural, [REDACTED], e a concelleira delegada Natividade González Rodríguez, de data 28.05.2020, así como o estudo económico no que se avalían os custos e se fixan os prezos.

A competencia para a fixación dos prezos reside na Xunta de Goberno Local, tal e como deriva da ordenanza número 2 de prezos públicos polos servizos culturais e deportivos do Concello de Ames.

Figuran informes favorables da Tesouraría Municipal, de data 15.06.2020. Figura tamén informe favorable da Intervención Municipal, de data 15.06.2020 (informe 256/2020), sobre a existencia de crédito no orzamento para a cobertura do custo non financiado cos prezos públicos.

Visto o que antecede, Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar o prezo público de entrada a espectáculos, obras de teatro, actuacións musicais, e similares, nos auditorios das Casas da Cultura de Bertamiráns e do Milladoiro, que figuran no Anexo I deste acordo.

Segundo. Publicar un anuncio que dea conta da aprobación deste prezo público tanto no BOP, como na páxina web do concello e nas dependencias do servizo que organice a actividade. O anuncio permanecerá exposto dende o día seguinte ao da adopción do presente acordo ata que a actividade teña rematado.

- Terceiro.** Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais afectados.
- Cuarto.** Dar conta deste acordo na primeira sesión de comisión informativa de Economía e Facenda que teña lugar.
- Quinto.** Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Anexo I

1.-

Caché do espectáculo	PROGRAMACIÓN ADULTOS	PROGRAMACIÓN INFANTIL
750-2.500€	5€	4€
2.501-5.000€	5€	4€
>5.001€	5€	5€

Realizárase o cobro deste importe cando as actuacións sexan de grupos profesionais e non vaian especificamente dirixidas a un colectivo concreto ou formen parte dun programa determinado que, segundo o criterio técnico, precise de actividades gratuítas en auditorios municipais para cumprir os seus obxectivos. Tampouco se cobrará entrada cando sexan actuacións en colaboración con outras entidades e estas esixan que a asistencia sexa libre e gratuíta ou esixan un prezo de entrada diferente.

Atendendo a circunstancias especiais de persoas e colectivos que asistan ás representacións, poderá substituírse a entrada por unha invitación exenta de pagamento (xornalistas, programadores doutras entidades, representantes doutras institucións ou entidades que estean implicadas na organización da programación, persoas invitadas da propia compañía de teatro ou grupo musical, alumnado da escola de teatro ...).

2-Coa finalidade de facilitar a asistencia aos espectáculos e potenciar a participación establécese un prezo reducido do 50% do custo ordinario da entrada a estudantes con carné de estudante, a persoas maiores de 60 anos e a persoas menores de 12 anos, familias numerosas, mozos e mozas co carné xove e persoas demandantes de emprego. Logo da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local poderanse aplicar este mesmo desconto a outros colectivos propostos pola Concellaría de Cultura.

3.- Co obxectivo de fidelizar ao público, poderá acordarse na Xunta de goberno Local o establecemento dun bono para asistir a todos ou á maior parte dos espectáculos dun determinado semestre ou ciclo cun prezo reducido que, como mínimo, descontará o 25% do custo total das entradas. Acordarase tamén na mesma XGL o número de bonos que se poñerán a venda.

4.- O prezo público das entradas permanecerá en vigor ata que se proceda á súa modificación ou derogación expresa.

5.- Coa entrada en vigor da presente aprobación de prezo público, quedan derogados os prezos establecidos no artigo 4.5 da anterior ordenanza reguladora do prezo público polos servizos culturais e deportivos prestados polo Concello de Ames.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás doce horas, estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo.